



Red de Unidades de Igualdad de Género  
para la Excelencia Universitaria

## MANIFESTO DO 8 DE MARZO de 2017

O lema exposto pola ONU «Por un planeta 50-50 en 2030: demos o paso pola igualdade de xénero», no marco dos obxectivos de desenvolvemento sustentable, insiste novamente en que unha das claves do progreso é a igualdade de xénero, e fai un chamamento aos gobernos para que realicen compromisos nacionais que poñan fin á brecha de xénero. En Europa, aínda que desde hai tempo o principio de igualdade aparece como un dos piares fundamentais da Unión Europea, e na Constitución española establécese a igualdade como un valor superior do ordenamento xurídico, tamén se sabe ben que os devanditos principios xerais hai que desenvolvelos a través de políticas decididas, encamiñadas a conseguir unha igualdade realmente efectiva que aínda hoxe aparece afastada.

A universidade foi unha das institucións que máis contribuíu nas últimas décadas aos avances en igualdade, pero aínda queda moito camiño por percorrer, e isto debe facerse apostando por políticas e por medidas valentes de igualdade de xénero no ámbito da universidade. Esta misión é importante non só por unha simple cuestión de xustiza, senón tamén porque a universidade debe cumprir un papel fundamental na transmisión dos valores que unha sociedade quere alcanzar, e porque está comprobado que os contornos nos cales se logrou maior igualdade, tamén se conseguiu maior calidade e excelencia.

Son as unidades de igualdade das universidades ás que se lles encomenda o establecemento de políticas de igualdade e a aplicación do principio de transversalidade ou *mainstreaming* de xénero nas súas institucións. Estas políticas de igualdade fóronse concretando na última década en plans de igualdade que articulan variadas medidas de concienciación e de formación á comunidade universitaria, de loita contra o desequilibrio existente na participación de mulleres nas diferentes áreas e nos ámbitos de responsabilidade e de toma de decisións, así como de incorporación da perspectiva de xénero na docencia e na investigación. Para iso, as unidades de igualdade deben recoller datos e analizar sistematicamente as desigualdades e os rumbos de xénero que seguen a existir nas súas universidades e que, dado o seu carácter estrutural, moi frecuentemente non son tan aparentes e evidentes. Para esta tarefa resultan imprescindibles os estudos de xénero que informan, iluminan e alimentan a comprensión das complexas desigualdades de xénero e a procura de datos e de evidencias que permitan unhas medidas efectivas na súa loita.

Desde as unidades de igualdade recoñecemos que os estudos de xénero foron e seguen sendo cruciais como imprescindibles aliados destas na súa comprensión e loita contra as desigualdades. Así mesmo, resulta historicamente fundamental o apoio institucional que desde instancias gobernamentais se lles prestou ás políticas de igualdade no ámbito da educación superior, e que se puxeron en risco coa anulación da convocatoria do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades do 27 de xuño de 2016 (BOE do 1 de xullo de

2016) relativa á concesión de subvencións para realizar posgraos de estudos de xénero e actividades do ámbito universitario relacionadas coa igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Lamentamos profundamente que o Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade considere que o apoio ás actividades e aos estudos de xénero no ámbito universitario é o suficientemente superfluo como para eliminalo, esgrimindo obxectivos de estabilidade orzamentaria. Por iso, queremos manifestar o noso rexeitamento á devandita anulación sen aviso previo, e reclamamos que se recupere a convocatoria e, en xeral, o necesario esforzo e apoio que as institucións gobernamentais deben ofrecerlles ás nosas universidades para conseguir a igualdade.

### **Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria**

Universidad de Alcalá

Universitat d'Alacant

Universidad de Almería

Universitat Autònoma de Barcelona

Universidad Autónoma de Madrid

Universitat de Barcelona

Universidad de Burgos

Universidad de Cádiz

Universidad de Cantabria

Universidad Carlos III

Universidad de Castilla La Mancha

Universidad Complutense de Madrid

Universidad de Córdoba

Universidade da Coruña

Universidad de Extremadura

Universitat de Girona

Universidad de Granada

Universidad de Huelva

Universitat de les Illes Balears

Universidad Internacional de Andalucía

Universidad de Jaén

Universitat Jaume I

Universidad de La Laguna

Universidad de La Rioja

Universidad de Las Palmas de Gran Canaria

Universidad de León

Universitat de Lleida

Universidad de Málaga  
Universidad Miguel Hernández  
Universidad de Murcia  
Universidad de Oviedo  
Universidad Pablo de Olavide  
Euskal Herriko Unibertsitatea (Universidade de Euskadi)  
Universidad Politécnica de Cartagena  
Universitat Politècnica de Catalunya  
Universidad Politécnica de Madrid  
Universitat Politècnica de València  
Universitat Pompeu Fabra  
Universidad Pública de Navarra  
Universidad Rey Juan Carlos  
Universitat Rovira i Virgili  
Universidad de Salamanca  
Universidade de Santiago de Compostela  
Universidad de Sevilla  
UNED  
Universitat de València  
Universidad de Valladolid  
Universidade de Vigo  
Universidad de Zaragoza